

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE

O Grupo Municipal Popular formulou hai máis de seis meses unha serie de preguntas sobre a denominada Casa da Xuventude. Malia o tempo transcorrido, o Goberno non respondeu, o que constitúe todo un indicio.


O Grupo Popular non cuestiona o contido das actividades que poidan desenvolver nese inmovible entidades ou particulares e resérvase a valoración das actividades sufragadas con fondos públicos. No entanto, este Grupo entende que urxe aclarar a situación patrimonial e as condicións de uso dun ben público de grandes dimensións e enclavado nun lugar central da Cidade.

Malia que entendemos que a demolición do edificio daría cumprimento a un acordo plenario unánime e suporía unha oportunidade para unha mellor integración urbana e para a superación dun exemplo de "feísmo urbanístico", considérase imprescindible que, de manterse o edificio, o destino responda a criterios de legalidade e transparencia.

É por iso que o Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, solicita que o Pleno da Corporación aprobe a comparecencia do concelleiro de Espazos Cidadáns a fin de responder ás preguntas que seguen:

1. *A quen lle foron entregadas as chaves da Casa da Xuventude e que persoas, físicas ou xurídicas, dispoñen hoxe das chaves deste inmovible?*
2. *En caso de non ser persoal municipal, en virtude de qué título habilitante se lle fixo entrega das chaves e se autorizou ou cedeu o uso do inmovible?*
3. *Como se explica a existencia en internet do dominio "www.matadoirocompostela.com".*
4. *Están regularizados o servizos básicos do inmovible e quen está a aboar os gastos correntes?*
5. *Reservouse o Concello algunha potestade en orde a garantir o acceso do conxunto dos cidadáns a ese inmovible nuns termos de igualdade, liberdade, seguridade e salubridade?. En qué consiste o modelo "tutelado" de autoxestión a que se referiu o Concello nunha nota de prensa?. Quen exerce a tutela e en que termos?. Que grao de responsabilidade mantén o Concello sobre as actividades que alí se desenvolven?.*

Santiago de Compostela, a 10 de febreiro de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.